



### Os «mestres» da camuflaxe

Algúns animais son «mestres» da camuflaxe. Debido á súa cor ou á forma do seu corpo, é moi difícil velos.

A súa camuflaxe sérvelles para defenderse dos seus inimigos, ou para cazar os animais de que se alimentan.



Hai insectos, como o saltón folla-vermella, que teñen ás moi semellantes ás follas en que viven.

Pola súa parte, o camaleón cambia de cor para ocultarse. Se está nunha planta verde, o camaleón adquire cor verde; se está nunha planta de cor marrón, a súa pel vólvese marrón.



Tamén hai algunhas bolboretas nocturnas que, cando se pousan sobre o tronco dunha árbore, é case imposible distinguilas.



## Unha ave moi cuca

O cuco é unha ave que ten unha forma de reprodución moi curiosa, pois non constrúe os seus niños nin coida as crías. Prefire poñer os ovos nos niños doutras aves para que llos incuben.

Polo xeral, adoita elixir paxaros de menor tamaño ca el. Así que, cando o cuco nace, os paxariños abráianse de ver un pitiño tan grande e tan diferente deles. Pero cóidano e aliméntano coma se fose da familia.

E non é fácil, porque o cuco ten moito apetito!